

INFORME PARA A AVALIACIÓN INTERNA SEGUIMIENTO DE TÍTULOS OFICIAIS DE GRAO E MESTRADO

CONVOCATORIA: 2014-2015

PROVISIONAL

FINAL

DATA: 15-07-2016

DATOS DO TÍTULO	
DENOMINACIÓN DO TÍTULO	Máster Universitario en Creación, Dirección e Innovación na Empresa
CENTRO/S ONDE SE IMPARTE O TÍTULO	Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo
RESULTADO DO PROCESO DE SEGUIMIENTO	<input type="checkbox"/> CONFORME EXCELENTE <input checked="" type="checkbox"/> CONFORME (B) <input type="checkbox"/> NON CONFORME

Xustificación do Resultado:

A metodoloxía utilizada para a avaliación deste título está baseada na “Guía para o seguimento dos títulos oficiais de grao e máster da ACSUG do xullo de 2015.

Cumprimento do proxecto establecido:


O desenvolvemento de estudos axustase ao indicado na memoria . Segundo a información dispoñible parecen observarse certos desaxustes nas competencias e debilidades na coordinación do título, para o que se propón a adopción de certas estratexias de mellora.

Plan de melloras do título:

Non se atopou plan de melloras do título nin na información publica do título nin na documentación aportada no informe de seguimento.

Modificacións do plan de estudo:

Vigo, a 15 de xullo de 2016



Xosé María Gómez Clemente
Director da Área de Apoio á Docencia e Calidade

1. Valoración do cumprimento

Resultado:

<input type="checkbox"/> Conforme excelente	<input checked="" type="checkbox"/> Conforme	<input type="checkbox"/> Non Conforme
<input type="checkbox"/> A	<input type="checkbox"/> B	<input type="checkbox"/> D
	<input checked="" type="checkbox"/> C	

Resumo das Valoracións:

Organización e Desenvolvemento	C
Información e Transparencia	A
Sistema de Garantía de Calidade	A
Recursos Humanos	B
Recursos Materiais e Servizos	A
Resultados de Aprendizaxe	C
Indicadores de Satisfacción e Rendemento	B

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO: Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se está a realizar conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permite una correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

Evidencias	Descrición
E4: Guías docentes das materias/asignaturas	Comprobar que as guías docentes de 3 materias elixidas aleatoriamente teñen os campos das competencias, resultados de aprendizaxe, contidos, planificación docente, metodoloxía docente e avaliación correctamente cumprimentados nas dúas linguas e valorar se información é coherente coa memoria. Si houberse algunha materia con información distinta, comprobar ata 6 materias e verificar se é un erro sistemático ou puntual
E30: Actas do último curso da Comisión Académica / Comisión de Titulación	Analizar nas actas das comisións de titulación e académicas os mecanismos de coordinación docente

1.1.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Non se atopou información sobre a realización de coordinación docente horizontal ou vertical entre materias do título.	Non	Establecer mecanismos de coordinación similares ao resto de títulos do centro.
Inconsistencia entre as competencias das guías e as memorias do título.	Non	

1.1.2 Valoración do Criterio:

Organización e Desenvolvemento C

1.1.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Recomendacións para a mellora	Actas da comisión académica	<p>Non se atopou o documento de informe de coordinación do ano 2014/15. Tras a análise das actas da comisión académica non se evidenciou que existisen mecanismos de coordinación entre as materias ou para balancear a carga do alumnado ao longo do cuadrimestre.</p> <p>Ver apartado de alegacións</p>
Recomendacións para a mellora	Guías docentes	<p>Atopáronse inconsistencias relevantes entre as competencias asignadas na memoria do título ás materias e as presentes nas guías docentes.</p> <p>Aínda que se tivera modificado a memoria do título no curso 2015/16, esta modificación entrará en vigor no curso académico 2016/17, polo que as guías docentes deberían terse axustado á memoria vixente e publica na páxina do título.</p> <p>Tamén se atoparon pequenas inconsistencias entre os métodos de avaliación e a súa ponderación.</p> <p>Ver apartado de alegacións</p> <p>Despois de recibir a alegación enténdese que as guías docentes do curso 14-15 incluían modificacións, destinada a súa mellora que foron incorporadas oficialmente na modificación solicitada no curso 15-16, despois da acreditación.</p>

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA: Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese), nas seguintes evidencias:

- E1- E6 Páxina web do título/centro/universidade
- E1 Memoria vixente da titulación
- E4: Guías docentes das materias/asignaturas

Elemento	Valoración	Descrición
A información da organización académica da titulación é completa?	B	<p>Valorar se a información pública do título é útil, intuitiva e actualizada.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Estrutura do programa formativo da titulación: denominación dos módulos ou materias, contido en créditos ECTS, organización temporal, carácter obrigatorio ou optativo das materias • Competencias xerais e específicas: Elixir 2 materias é facer a comprobación que son as mesmas que na memoria vixente, Se houberse algunha materia con información distinta comprobar ata 6 e verificar si é un erro sistemático ou puntual) • Horarios, aulas e calendarios de exames. • Traballo fin de grao/máster (normativa, comisións de avaliación, temáticas, convocatorias, etc.)
A información do SGC é completa?	A	<p>Valorar se a información pública do título está dispoñible e actualizada da seguinte información:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Manual, procedementos, política e obxectivos de calidade
A información dos recursos humanos e materiais é completa?	A	<p>Valorar se a información pública do título é útil, intuitiva e actualizada da seguinte información:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias nas que imparte docencia, breve CV, etc.) • Persoal de apoio por centro (número e cargo/posto desempeñado) • Recursos materiais do título (Aulas, seminarios etc.)
A información dos resultados é completa	A	<p>Valorar se a información pública do título é comprensible e actualizada da seguinte información</p> <ul style="list-style-type: none"> • Informe de Revisión pola Dirección

1.2.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Como xa se indicou hai desaxuste en competencias.		

1.2.2 Valoración do Criterio:

Información e Transparencia

A

1.2.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Fortaleza		A información pública do título é moi completa, dando una visión global do título.

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE: Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Evidencias:	Descrición
E05- E7-E8: Documentación do Sistema de Garantía de calidade	Comprobar 3 rexistros de procedementos de forma aleatoria na aplicación, na seguinte ligazón Aplicación para comprobar a implantación do SGC. No caso que houberse dúbidas sobre a implantación do sistema ampliar ata 6 rexistros
E30: Actas do último curso da Comisión de Calidade	Comprobar nas actas que hai asuntos tratados na Comisión que xorden da implantación dos procedementos (por exemplo coordinación, orientación, practicas, promoción...)

1.3.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora

1.3.2 Valoración do Criterio:

Sistema de Garantía de Calidade **A**

1.3.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Fortaleza		Ter a implantación do sistema de garantía interna da calidade do centro certificado

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS: Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Evidencias:	Descrición
E27: Mecanismos empregados para a análise dos resultados de aprendizaxe	Revisar na documentación a análise dos resultados da EAD (% participación, resultados, evolución)
Indicadores:	Descrición
I03: Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	Analizar os datos na seguinte ligazón.: Indicador 03 .
I07: Resultados das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución,...)	Comprobar que os datos razoables no Informe de revisión pola dirección

1.4.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Non se atopa a análise da avaliación docente, aínda que si se fai referencia ás enquisas de satisfacción dos distintos colectivos.	Non	Realizar unha análise das EAD
Baixa participación nas enquisas		Propor accións para incrementar a participación.

1.4.2 Valoración do Criterio:

Recursos Humanos B

1.4.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Recomendacións para a mellora	E27	Non se atopou evidencia da revisión e análise da EAD do profesorado do título.
Recomendacións para a mellora	I03	Os resultados de satisfacción son positivos, sen embargo a participación do alumnado é moi baixa.

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS: Analizar e valorar si os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son axeitados ás necesidades do título.

Indicadores:	Descrición
I03 : Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	Analizar os datos da satisfacción cos recursos materiais e servizos na seguinte ligazón.: Indicador 03

1.5.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora

1.5.2 Valoración do Criterio:

Recursos Materiais e Servizos **A**

1.5.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Fortaleza		Os resultados de satisfacción cos medios materiais son moi elevados, aínda que a súa validez pódese ver mermada pola baixa participación.

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE: Analizar se os resultados de aprendizaxe acadados polos estudantes son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES.

Evidencias:	
E25-E17: Listaxe de Traballos Fin de Grado/Máster	Comprobar que a distribución das cualificacións é razoable
E28- E18: Informes de cualificacións das materias/ asignaturas	Análise dos datos por materias e comprobar que son razoables e comprobar particularmente as taxas de TFG ou TFM. Analizar como estes datos son tratados no Informe de Revisión pola Dirección. Nesta evidencia debería aparecer o informe de calificación de cada unha das materias. Este informe atópase dispoñible actualmente na aplicación Unidata. Accedese a “Acreditación Títulos” e logo a “Matrícula e rendemento” e finalmente escollese o informe “AC-E08- Calificación de cada unha das materias

1.6.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora

1.6.2 Valoración do Criterio:

Resultados de Aprendizaxe **C**

1.6.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Recomendacións para a mellora	E25-E17	Apórtase o documento TFM Curso 2014_2015.doc, que non contén as cualificacións polo que non permite a avaliación deste apartado. Tras a revisión dos datos desta materia para o ano 2014/15 en UNIDATA, a distribución das cualificacións parece adecuada, coa excepción do elevado número de Non presentados.
Recomendacións para a mellora	E28-E18	No informe de revisión pola dirección faise referencia unicamente as taxas das materias. Os resultados son moi positivos, con moitas materias de taxa de graduación do 100% dos presentados. Sería convincente por especial coidado no alcance das competencias nestes casos.

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDIMENTO: Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

Evidencias:	
E15- E10: Enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese	Valorar a análise no Informe de Revisión pola Dirección ou calquera outro que houbera.
E12-E19: Informes públicos sobre os resultados da titulación	Valorar a análise no Informe de Revisión pola Dirección ou calquera outro que houbera.
Indicadores:	
I01: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico	Comprobar a evolución temporal do número de estudantes/as de novo ingreso na seguinte ligazón.: Indicador 01 .
I03: Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	Analizar os datos na seguinte ligazón.: Indicador 03
I11: Indicadores de resultados de forma global para o título.	Analizar as taxas de gradación, abandono, eficiencia, rendemento, éxito e avaliación e resto de indicadores do SGC de xeito global na seguinte ligazón Indicador 11 .
I12 Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	Analizar os datos (Ocupación, preferencia, adecuación e nota media de acceso) na seguinte ligazón: Indicador 12 .
I13 Resultados de inserción laboral	Valorar a análise no Informe de Revisión pola Dirección ou calquera outro que houbera.

1.7.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Baixa participación		
Indicador de satisfacción coa orientación ao estudantado baixo		
Non se dispón de información de inserción laboral		
Ver apartado de alegacións		

1.7.2 Valoración do Criterio:

Indicadores de Satisfacción e Rendemento B

1.7.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Fortaleza	I11	As taxas do título están no marco das inicialmente planificadas na memoria. A análise realizada no marco do informe de revisión pola dirección é adecuado e da unha visión global positiva do título.

1.8 Alegacións da Valoración do Cumprimento:

Alegacións do Centro e/ou Título ao Informe provisional e tratamento das mesmas polo equipo avaliador

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
<p>CRITERIO 1: “Non se atopou o documento de informe de coordinación do ano 2014/15...”</p> <p>ALEGACIÓN: Igual que en cursos anteriores, a coordinación do mestrado reuniuse cos coordinadores das materias, cos membros da CAM e cos titores de traballos fin de máster. Tamén se fixeron reunións dos coordinadores das materias cos docentes asignados a ditas materias.</p> <p>O informe de coordinación colgouse na web do mestrado en http://mastercidie.webs.uvigo.es/index.php/gl/inicio-gl/memoria-e-outros-documentos.</p> <p>Ademais, está colgado no procedemento “DO0201P1 Planificación y desarrollo de la enseñanza” do SGIC e no apartado E30 do informe de seguimento.</p> <p>E interesante sinalar que no curso 2014-15, por esixencias do proceso de acreditación, as reunión con todo os colectivos implicados no mestrado (profesorado, alumnado, egresados, empresas, equipa decanal) foron continuas e máis intensas que en ningún outro curso.</p>	<p>Admitida: <input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación: O persoal da Área de Calidade detectou un problema que impediu o acceso do equipo avaliador á documentación citada.</p>
<p>CRITERIO 1: “Atopáronse inconsistencias relevantes entre as competencias...” CRITERIO 2: “Como xa se indicou hai desaxuste en competencias.”</p> <p>ALEGACIÓN: As competencias que figuran nas guías docentes do curso 2014-15 correspóndense coas existentes na memoria antes da súa modificación.</p> <p>A existencia dalgunhas disparidades e erros de asignación foi o que se detectou no proceso de revisión previo á acreditación. Este proceso deu lugar á proposta de melloras na modificación das competencias, a unha nova asignación de ditas competencias ás materias e á definición de resultados de aprendizaxe. A importancia destas correccións levou á necesidade de solicitar unha modificación de memoria, necesidade que foi ratificada no proceso de acreditación. No plan de melloras faise referencia a estes cambios na ficha 3. Calificanse como “realizada” porque se solicitou en prazo e forma a modificación da memoria que inclúe estes cambios. Ademais, no curso 2015-16, por recomendación da Área de Calidade e do tribunal avaliador da titulación, actualizáronse as guías docentes coas novas competencias e resultados de aprendizaxe.</p>	<p>Admitida: <input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación: Os argumentos utilizados polos responsables do título son válidos. Débese engadir ao punto feble do criterio 1: “Despois de recibir a alegación enténdese que as guías docentes do curso 14-15 incluían modificacións, destinada a súa mellora que foron incorporadas oficialmente na modificación solicitada no curso 15-16, despois da acreditación.”.</p>

<p>No curso 2015-16 non se impartiu docencia do primeiro ano do mestrado á espera da aprobación da nova memoria e de todas as melloras propostas.</p>	
<p>CRITERIO 4:</p> <p>ALEGACIÓN: No informe de avaliación obtense unha puntuación “B”, mentres que no excel resume a valoración anotada é “C”. Prégase que se corrixa o excel resume.</p>	<p>Admitida: <input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación: Débase corrixir o erro técnico.</p>
<p>CRITERIO 4: “Non se atopa a análise da avaliación docente , aínda que si se fai referencia ás enquisas de satisfacción dos distintos colectivos.”</p> <p>ALEGACIÓN: No informe de seguimento non se indica que sexa necesario “reflexionar” sobre a avaliación docente. Esta reflexión faise no Informe de Revisión pola Dirección. No momento de elaboración deste informe tampouco se indicou a necesidade desta reflexión. Na ficha 5 do plan de mellora recóllense expresamente os avances realizados na actualización do currículo dos docentes.</p>	<p>Admitida: <input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non Xustificación: Aínda que é certo que a guía do seguimento non aparece o concepto análise, si que se debe analizar no informe de revisión pola dirección os datos relevantes para o título. As EAD fornécennos información moi importante para unha avaliación completa.</p>
<p>CRITERIO 4: “Baixa participación nas enquisas” CRITERIO 7: “Baixa participación”</p> <p>ALEGACIÓN: No curso 2014-15 levouse aos alumnos á sala de ordenadores para completar as enquisas. Non se engade acción de mellora neste senso coa idea de seguir traballando nesta liña.</p>	<p>Admitida: <input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación: Acéptase a alegación por entender que os responsables da titulación fan todos os esforzos necesarios para aumentar a participación.</p>
<p>CRITERIO 6: “Apórtase o documento TFM Curso 2014_2015.doc, que non contén as cualificacións polo que non permite a avaliación deste apartado. Tras a revisión dos datos desta materia para o ano 2014/15 en UNIDATA, a distribución das cualificacións parece adecuada, coa excepción do elevado número de Non presentados.”</p> <p>ALEGACIÓN: Aportouse o documento co listado dos TFM tal como se solicitou por parte dos responsables de calidade. En ningún momento se pediron listados de notas.</p> <p>O elevado número de non presentados abordouse a través da ficha número 6 do plan de mellora. Nela expónse como se realizou un maior seguimento dos alumnos por parte da coordinación e dos titores, conseguindo elevar de modo significativo o número de presentados/aprobados. Nos vindeiros cursos preténdese seguir nesta liña.</p>	<p>Admitida: <input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non Xustificación: A listaxe de cualificacións do TFG pídesse na evidencia E25 de maneira explícita e clara.</p> <p>Aceptamos o argumentado polos coordinadores no que atinxe a constatación do número baixo de presentados.</p>

CRITERIO 6: “No informe de revisión pola dirección faise referencia unicamente as taxas das materias. Os resultados son moi positivos con moitas materias de taxa de graduación do 100% dos presentados. Sería convinte por especial coidado no alcance das competencias nestes casos.”

ALEGACIÓN:

Respecto ao alcance das competencias consideramos que sería útil a definición dalgún tipo de indicador por parte de área de Calidade.

Admitida:

- Si
- Non

Xustificación:

Avaliar as competencias acadadas polos alumnos é verificar se os obxectivos do plan de estudos se cumpren ou non. Ditas competencias avalíanse indirectamente a través de resultados de aprendizaxe nas diferentes materias e de forma global no TFM.

Nos se pode determinar un indicador exacto.

Que unha materia sexa superada por todos os alumnos con cualificacións elevadas indica que todos os alumnos alcanzaron todas as competencias co máximo nivel (todos os alumnos son excelentes). Dado que, en xeral, os alumnos son bastante diversos, poida que xurdan dúbidas sobre esa excelencia.

Recoméndase que esta reflexión se teña en consideración en próximas reunións da comisión académica.

CRITERIO 7: “Indicador de satisfacción coa orientación ao estudiantado baixo”

ALEGACIÓN:

Este foi un tema tratado no informe de acreditación e unha das razóns pola que se incluíron os resultados de aprendizaxe na nova memoria e se actualizaron os contidos dalgunhas materias.

No plan de melloras reflíctese nas fichas 3 e 4. Califícanse como “realizadas” porque se solicitou en prazo e forma a modificación da memoria que as inclúe.

Admitida:

- Si
- Non

Xustificación:

A argumentación dos responsables do título non modifica a percepción do equipo avaliador.

O indicador de satisfacción coa orientación avalía como o estudiantado recibe accións titoriais.

CRITERIO 7: “Non se dispón de información de inserción laboral”

ALEGACIÓN:

Os informes elaborados internamente pola coordinación do mestrado sobre inserción laboral subíronse á plataforma de calidade con motivo do proceso de acreditación no curso 2014-15.

Aínda non se posúen datos novos significativos. Dende a universidade tampouco se ofreceron datos ao respecto.

Admitida:

- Si
- Non

Xustificación:

A argumentación dos responsables do título é válida. O punto feble debe ser eliminado.

2. Plan de Melloras do Título

Resultado:

<input type="checkbox"/> Conforme excelente	<input checked="" type="checkbox"/> Conforme	<input type="checkbox"/> Non Conforme
<input type="checkbox"/> A	<input checked="" type="checkbox"/> B	<input type="checkbox"/> D
	<input type="checkbox"/> C	

2.1 Xustificación da Valoración

Valoraranse só as accións de mellora do cadro do último curso académico e das accións da titulación. De xeito xeral para realizar a valoración deste epígrafe, pódese facer reflexionando as seguintes cuestións. Si non hai incumprimentos ou existen incumprimentos de xeito puntual (<25% das accións) a valoración é Conforme. Si hai incumprimentos pero non son sistemáticos (<50% das accións) a valoración é Recomendación para a mellora. Si os incumprimentos son sistemáticos (>50% das accións) a valoración é Non conforme

Cuestións	Valoración	Descrición
Todos os puntos febles atopados levan asociados unha acción de mellora?	C	Ver no epígrafe “1. Valoración do cumprimento” o número e a importancia dos puntos febles atopados. Indicar exemplos no caso que os houberse • •
As accións de mellora en xeral son coherentes para solucionar os puntos febles ?	B	Analizar se os puntos febles pódense solucionar a partir das accións de mellora. Analizar se as actuacións a desenvolver xorden das accións de mellora e Analizar se os prazos e responsables son os axeitados para levar a cabo as accións de mellora Indicar exemplos no caso que os houberse • •

2.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Recomendacións para a mellora		Algún dos puntos febles detectados polo equipo avaliador non levan asociada acción de mellora (p.ex. criterios 4 e 7). En xeral, as accións de mellora propostas son adecuadas para abordar os puntos febles detectados. Ver apartado de alegacións

2.3 Alegacións do Plano de Melloras:

Alegacións do Centro e/ou Título ao Informe provisional e tratamento das mesmas polo equipo avaliador

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
<p>“Non se atopou plan de melloras do título”</p> <p>ALEGACIÓN: O plan de melloras do título fíxose atendendo ós formularios proporcionados pola Área de Calidade, <u>nos prazos e modos indicados</u>. No informe de seguimento <u>engadiuse dito documento na evidencia “E14-E9. Plans e seguimento das accións de mellora”</u>. Tamén se engadiu o plan de accións correctoras resultante da acreditación e o enlace da web do mestrado <u>no que está publicado (http://mastercidie.webs.uvigo.es/index.php/es/inicio-es/plan-de-mejora)</u>.</p> <p>No caso deste mestrado é necesario ter en conta que <u>o plan de melloras está asociado á modificación da memoria</u>.</p> <p>A necesidades de modificar a memoria detectouse na revisión do título realizada no curso 2013-14. Neste ano iniciouse o proceso de modificación que se viu paralizado por mor do proceso de acreditación, seguindo instrucións da Dirección Xeral de Universidades, da Xunta de Galicia.</p> <p>Unha vez acreditado o mestrado (principios de 2015) e co visto bo de modificar a memoria, retomouse dito proceso. Neste senso, cualifícanse as accións como “realizadas” porque se solicitou en prazo e forma a modificación da memoria que as inclúe. Algunhas delas como a dinamización da lectura los TFMs, as accións publicitarias e a revisión dos currículos dos docentes xa se materializaron no curso 2014-15. Outras como a revisión das competencias, os resultados de aprendizaxe e a actualización de contidos, non se puideron actualizar ata o curso 2015-16 debido aos prazos do proceso de acreditación e á imposibilidade de realizar cambios na plataforma docnet.</p> <p>O mestrado foi <u>acreditado</u> en xaneiro de 2015. No curso académico <u>2015-2016 non se impartiu</u> docencia do mestrado á espera da aprobación da nova memoria, esperable neste curso académico.</p> <p>A <u>nova memoria foi aprobada</u> pola ACSUG en marzo de 2016. No curso 2016-2017 implantáranse todas as melloras indicadas nesa nova memoria.</p>	<p>Admitida: <input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación: Vista a alegación feita polos responsables do título xunto coa documentación aportada e despois de revisar de novo a documentación inicial detectouse que tanto o equipo avaliador como o persoal da Área de Calidade cometeron o erro de non detectar a existencia do plan de melloras. En consecuencia procede pedir desculpas polo erro cometido e proceder á reavaliación do apartado 2.</p>

3. Modificacións do plan de estudos

3.1 Xustificación da Avaliación:

Incluíranse neste todas as modificacións **non substanciais**, que son aqueles cambios menores que melloran o título e que detectáronse no proceso de avaliación e non aparecen neste apartado
Indicar cales na seguinte ligazón: [Modificacións do plan de estudos](#) da páxina 2 deste modelo.

3.2 Alegacións das Modificacións do Plano de Estudos:

Alegacións do Centro e/ou Título ao Informe provisional e tratamento das mesmas polo equipo avaliador

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
Non hai alegacións	